# *Abies alba* Mill., 2010

- abeto branco, a. prateado, piñabeta/o/e
- abeto blanco, piñabete
- izei zuri
- avet blanc, avet comú
- silver fir
- abeto branco, abeto prateado




**ESTADO DE CONSERVACIÓN**

**EX** **ES** **CR** **EP** **VU** **CA** **PM**

**EX**: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

| DIVISION | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|---|---|---|---|---|
| **Pinophyta** | **Pinopsida** | **piñales** | **piñaceae** | ***Abies*** |

## ORIXE

Rexións montañosas de Europa central e meridional.

## CARACTERÍSTICAS

Árbore conífera grande e perennifolia, de copa piramidal, que acada ata 50 m. A súa codia é gris e lisa, e rómpese coa idade. As follas son curtas, planas, flexibles, non punzantes, de cor verde escura pola face e con dúas liñas brancas (estomas) polo envés. Dispóñense nun plano máis ou menos horizontal. As flores masculinas son pequenos amentos globosos e amarelentos, que aparecen na face inferior das pólas máis xuvenís. As flores femininas, fórmanse en conos erectos, ao principio verdosos ou vermello-violáceos, e están situados na parte superior das pólas, preto do ápice. O froito son piñas cilíndricas e erectas (10-20 cm) que maduran no outono, cambiando de verde a pardento, e se desarticulan nas pólas, deixando o raquis central e liberando as sementes aladas, que son triangulares e pardas.

## HÁBITAT

Montañas húmidas, preferindo ladeiras frescas e avesío con solos profundos, frescos e ricos en materia orgánica. Atópase entre os 700 e os 2000 m de altitude.

## DISTRIBUCIÓN

Montañas do centro e sur de Europa (os Alpes, os Cárpatos e os Apeninos). Na Península Ibérica a súa presenza natural limítase aos Pireneos e as serras prepirenaicas.

## CURIOSIDADES

Os seus aceites esenciais teñen propiedades antisépticas, expectorantes e balsámicas, usándose para tratar afeccións respiratorias, reumatismos e como desinfectante.